

MPN/dr

RESOLUCION PRESIDENCIAL

A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Vista a proposta de resolución da Xefa do Servizo de Cooperación que é do seguinte teor literal,

“SERVIZO DE COOPERACIÓN

PLAN DE EMERXENCIA POLA SECA - 2022

EXPEDIENTE : 2022066308

INVESTIMENTO: ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL

BENEFICIARIO: Concello de Portas

ASUNTO: Concesión de subvención; compromiso de gasto que importa 8.268,94 euros

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**ANTECEDENTES**

- O Pleno da Deputación, na súa sesión extraordinaria do día 9 de setembro de 2022, adoptou o acordo número 3.7846 polo que se modificaba as bases de execución do orzamento engadindo a “Disposición adicional V”. Contabilización do Plan de emerxencia pola seca - 2022, para dar cobertura orzamentaria as bases reguladoras e convocatoria das axudas económicas a entidades locais da provincia de Pontevedra para realizar actuacións de emerxencia que garantan o abastecemento de auga potable domiciliaria ante a situación de seca, “Plan de emerxencia pola seca - 2022”, publicadas no BOPPO núm. 174 de 12 de setembro de 2022.
- Este Plan de emerxencia pola seca - 2022 está dotado de tres millóns de euros (3.000.000,00€), imputable ás aplicacións orzamentarias 2022/942.9427.462.97, 2022/942.9427.463.97 e 2022/942.9427.468.97, para gastos correntes, e 2022/942.9427.762.97, 2022/942.9427.763.97 e 2022/942.9427.768.97 para gastos de investimentos reais, distinguindo a súa vez entre ambos os beneficiarios.
- Os beneficiarios destas axudas son os concellos de poboación inferior a 20.000 habitantes, entidades locais menores da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito inferior a 20.000 habitantes, sempre que teñan competencia en materia de abastecemento domiciliar de auga potable, e as agrupacións de municipios (mancomunidades) que teñan delegadas as competencias en materia de abastecemento domiciliar de auga potable, para actuacións en concellos de menos de 20.000 habitantes.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2022008148 de data 16/11/2022 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, entidade local menor, e mancomunidade de municipios con competencias delegadas en materia de abastecemento de auga, de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar actuacións de emerxencia.



- Na Comunicación de 19 de marzo de 2014 relativa á Iniciativa Cidadán Europea “O dereito á auga e o saneamento como dereito humano. ¡O auga non é un ben comercial senón un ben público!, a Comisión Europea invitou aos estados membros a que garantisen o acceso a unha subministración de auga mínima para todos os cidadáns, de acordo coas recomendacións da OMS. Así mesmo, se comprometeu a seguir “mellorando o acceso á auga potable segura de toda a poboación a través das políticas medioambientais. Este compromiso está en consonancia co ODS nº 6 e a meta asociada de “lograr o acceso universal e equitativo ao auga potable a un prezo alcanzable para todos”.
- Malia esta previsión destinada a toda a poboación, resulta que a lexislación establece distintas cautelas pero limitadas a entidades locais de poboación superior a 50.000 ou 20.000 habitantes. Así, a Directiva 2020/2184 do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de decembro de 2020, referíndose a outra directiva, a Directiva 2000/60/CE, sinala que os estados membros se asegurarán de que se realice unha avaliación dos niveis de fugas de auga no seu territorio e do potencial de mellora na redución das fugas de auga utilizando o método de clasificación do índice de fugas estruturais (IFE), deixa fóra as fugas que non son estruturais ou puntuais e ás poboacións inferiores a 50.000 habitantes.
- Pola súa banda a Lei 10/2001, de 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico nacional, prevé os plans de emerxencia ante situacións de seca, pero limitado aos concellos de poboación igual ou superior a 20.000 habitantes. Sendo coordinados pola administración autonómica segundo o artigo 26 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, e o artigo 9 da Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario.
- O Plan de Emerxencia pola Seca - 2022 da Deputación pretende facer fronte, precisamente ás necesidades que experimentan os concellos de menos de 20.000 habitantes, xa que para eles o lexislador non deseñou medidas paliativas de índole coercitivo de ningún tipo cando as necesidades seguen a ser as mesmas.
- En data 31/10/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022055775), ao abeiro do Plan de Emerxencia pola Seca - 2022, petición do Concello de Portas, emendada na data 30/11/2022 (núm. rexistro WEB2022060940), na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 8.268,94 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL”, cun orzamento polo mesmo importe (sen IVE), e xustificando gastos pola mesma contía (sen IVE).
- Revisada a documentación, a solicitude e xustificación remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan de Emerxencia pola Seca – 2022.



- O 02/12/2022 o facultativo técnico do Servizo de Cooperación emite informe favorable de supervisión e control do documento técnico descritivo da actuación levada a cabo. O 09/12/2022 realízase a comprobación material do investimento e obsérvase que cumpre coas condicións das bases da convocatoria e coa finalidade da subvención. O dito técnico emite na data 13/12/2022 un novo informe prestando a súa conformidade á xustificación achegada.
- O día 16/12/2022 a Intervención provincial emite informe favorable do expediente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I - NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan de Emerxencia pola Seca - 2022
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS)

II - CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de Emerxencia pola Seca - 2022, relativa ao procedemento de concesión/xustificación e resolución definitiva, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión/xustificación. Asemade, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda e simultaneamente a súa xustificación.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

PROCEDENCIA DO PAGAMENTO

- Artigo 30 da LXS, que dispón que os beneficiarios xustificarán o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos na forma que imponha a normativa reguladora. Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos con valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.
- Artigos 32 da LXS e 84.1 do RLXS, que sinalan que o órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que se determine no acordo ou resolución de concesión, e con atención ao método contemplado nas bases reguladoras, a cuxo fin se revisará formal e materialmente a documentación que obrigatoriamente deba achegar o beneficiario.
- Artigos 34.3 LXS e 88 do RLXS, que dispoñen que o pagamento da subvención realizarase previa xustificación, por parte do beneficiario, do gasto efectuado e na parte proporcional á contía xustificada da realización da actividade para a que se outorgou a subvención e nos termos establecidos nas bases reguladoras da subvención.
- Artigos 185 e 186 do TRLRFL, que regulan as competencias en materia de xestión de gasto e ordenamento do pago.
- Artigo 24 da OXS, que regula a xustificación das subvencións establecendo que esta se fará de acordo co disposto nas bases reguladoras da convocatoria.
- Artigos 26 e 27 da OXS, que regulan os procedementos de aprobación das xustificacións e pagamento das subvencións.
- Base reguladora 13ª, relativa á execución das actuacións que haberán de estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 31 de outubro de 2022.
- Base reguladora 15ª, que sinala que o pago ás entidades beneficiarias do importe da subvención realizarase á vista dos xustificantes de gasto, certificacións, facturas e demais documentación xustificativa.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e no artigo 63 do ROFRXEL, correspóndelle á Presidencia a fase de concesión e aprobación da xustificación, estando delegada a fase de recoñecemento de obriga e orde de pagamento no Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral en virtude da Resolución Presidencial núm. 2019014186 de 01/08/2019.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Portas relativa ao financiamento do investimento denominado “ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL”, cun orzamento de 8.268,94 euros (sen IVE), presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do Plan de Emerxencia pola Seca - 2022, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión e xustificación dunha subvención por importe de 8.268,94 euros.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª “Obxecto e finalidade” acompañada da memoria xustificativa do carácter de emerxencia da actuación.

O facultativo técnico do Servizo de Cooperación emitiu os correspondentes informes favorables de supervisión e control do documento técnico descritivo das actuacións levadas a cabo, así como de conformidade á xustificación achegada.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE o expediente e PROPOÑO:

1. CONCEDER unha subvención ao Concello de Portas, CIF P3604000D, por importe de 8.268,94 euros con destino ao financiamento do investimento denominado “ACTUACIÓNS DE EMERXENCIA PARA GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL”.
2. PRESTAR APROBACIÓN á xustificación presentada polo Concello de Portas aos efectos de xustificar a subvención arriba concedida co obxecto do financiamento do dito investimento.
3. AUTORIZAR E COMPROMETER o gasto na aplicación 2022/942.9427.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
4. REQUIRIR ao Concello a fin de que no termo de quince (15) días seguintes ao de notificación da resolución de concesión, e de conformidade coa Base reguladora 4ª, acredite a publicidade da subvención concedida indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación acreditativa ao respecto de conformidade co Manual de imaxe corporativa específico desta axuda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra.
5. DAR TRASLADO da presente resolución ao Concello de Portas, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



Expte. 2022066308

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ao seu superior criterio.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación

Marina Piñeiro Novo”

Vista a precedente proposta de resolución, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (arts. 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica na marxe

